

NORMATIVA CURSIÑOS DE NATACIÓN

NORMATIVA DE INSCRICIÓN

1. Existe un período de inscrición PREFERENTE PARA ABONADOS.
2. Os NON ABONADOS, tanto adultos como nenos, deberán estar empadroados/as no Concello de Santiago. Non será necesario entregar o certificado de empadramento, pero si se fará unha comprobación posteriormente, e no caso de que non estea empadroado/a será inmediatamente dado de baixa no curso no que está inscrito/a.
3. Cada persoa só pode realizar dúas inscricións. Agás no que se refire a inscrición dos propios fillos, neste caso se poderán inscribir todos.
4. A persoa que está inscrita nun curso no se poderá anotar en ningunha lista de espera. No caso de non ter praza só se poderá anotar na lista de espera dun só curso.
5. Os abonados de mañás só poden apuntarse a cursiños da mañá.
6. Non se pode cambiar o curso unha vez reservado, salvo causa xustificada e se hai praza.
7. Rogamos anotar as horas de 00:00 a 24:00 h.
Exemplo: 20:00 h. En caso de que se anote 8:00 se entenderá como as 8 da mañá.
8. Deberase pagar o curso ao realizar a inscrición. Poderá realizar o pago en efectivo, con tarxeta bancaria ou mediante a emisión dun Recibo Bancario (un só cobro do importe do cursiño no número de conta facilitado).
9. Prégase que se escriba de forma completa e lexible os nomes e apelidos da persoa a inscribir.
10. Prégase que todas as persoas que sufran algún tipo de doenza o especifiquen na folla de inscrición no apartado de observacións ou datos de interese.
11. Non se realizarán devolucións do importe dos cursiños.
12. Gardar o ticket para posibles reclamacións.
13. O feito de que un non abonado se anote no prazo de abonados suporá a exclusión e a devolución automática do curso.

NORMATIVA DE FUNCIONAMENTO

1. As clases que non se poidan impartir por causa xustificada (festivos, avarías puntuais, competicións...) non serán recuperables.
2. É obrigatorio ducharse antes do entrar ao curso e o uso de gorro, bañador e chanclas.
3. É obrigatorio o uso de chanclas para pasar á zona de duchas e para levar aos nenos á entrada da piscina.
4. Non está permitido permanecer na entrada da piscina durante o transcurso dos cursiños.
5. Os nenos de ata 7 anos poderán estar acompañados dun adulto no vestiario para cambiarse.
6. Os adultos non abonados poderán acceder á instalación como máximo 20 minutos antes do inicio do curso, e poderán permanecer no centro ata 20 minutos despois da finalización do mesmo. En caso de exceder este tempo deberán abonar a correspondente entrada.
7. Os adultos que acompañan a un menor non poderán exceder os 30 minutos dentro da instalación. No caso de superar este tempo deberán abonar o importe dunha entrada.